


Es un coidador responsable?

Para orientarte cara a unha **tenencia do teu animal exótico máis responsable**, aquí tes diferentes factores a ter en conta:


- ▶ Existen **veterinarios especializados** en animais exóticos. Deberás recorrer a eles para garantir a saúde da túa mascota e proporcionarlle a alimentación e o mantemento adecuado para a especie.
- ▶ Debes **asegurarte que a tenencia do animal está permitida** pola normativa en vigor. Lembra que o abandono do animal é unha infracción grave e que pode supoñer un perigo para a biodiversidade se o liberas ao medio natural.



A esperanza de vida dos animais exóticos varía moito segundo a especie, dende os hámsteres que adoitan vivir 3 anos, ata os papagaios que poden chegar aos 50. **Ese será o tempo durante o cal se alargarán as túas responsabilidades como coidador.**

- ▶ Os **roedores ou as aves** de certas especies gozan dun mellor estado de ánimo ao **convivir con coespecíficos**, mentres que a **os peixes** gústalles xogar entre eles e en interacción **coa contorna**.
- ▶ Se vas viaxar, asegúrate que alguén **comproba regularmente** que non se produciron avarías ou cortes de subministración enerxética que poidan afectar o **funcionamento dos sistemas de mantemento** automáticos dos acuarios ou terrarios.

Tapar o transportador, terrario ou gaiola pode minimizar a tensión que sofren os animais durante a viaxe ao veterinario.





Constrúe o fogar que necesitan

**Por unha tenencia de animais
exóticos responsable**



Edita: ©Ministerio de Derechos Sociales, Consumo y Agenda 2030
2025 - Secretaría General Técnica
<https://cpage.mpr.gob.es/>
NIPO en línea: 233-25-008-1
Diseño e maquetaxe: Grupo Asis Biomedica S.L.

